

BRANCA DE NEVE, UNHA MOZA DO SÉCULO XVI

Érase unha vez en Barcelona, un famoso explorador destinado ás Ámericas coa misión de axudar na conquista das tribos alí presentes. El aceptou coa única condición de levar a súa familia consigo, mais só puido levar con el á súa filla, Branca de Neve, xa que non permitían ás mulleres navegar e só fixeron a excepción con ela por ser unha rapaza de nove anos. Soamente tres meses despois partiron cara ao seu destino, “Quisqueya”.

Ao desembarcaren non tiveron ningún problema, non parecía haber ningún pobo hostil, e iso se cumpriu ata o terceiro día da súa andaina, cando toparon unha tribo. Alí os recibiron un montón de homes e tamén o xefe da mesma, que tras ver as armas dos españois comprendeu a que viñan e non opuxo resistencia, mais mediante xestos deu a entender que quería a cambio á nena. Nun principio o pai rexeitou a oferta, mais entendeu que senón terían que iniciar un enfrontamento físico e non quería arriscarse a perder a algún home, xa que só eran vinte e dous, e ademais cabía a posibilidade de que neste matasen a Branca de Neve, polo que preferiu entregar á súa filla e ao día seguinte produciuse unha gran cerimonia na que o xefe casou coa pobre Branca de Neve, quen non tivo nin voz nin voto a pesar dos seus gritos e choros, e na que o xefe tamén lle deu unha muller a cada europeo.

Branca de Neve pasou unha semana realmente dura. Para comezar, xa non destacaba pola súa beleza, senón que era considerada unha especie de escrava, tiña que ser totalmente submisa. Pasara os sete primeiros días intentando non consumir ningunha relación sexual fuxindo á choza do seu pai, quen conseguía calmar ao xefe da tribo, mais ela sabía ben que esa situación non era sustentable, xa que os dous estaban comezando a enfadarse. Ademais a súa madrastra, a muller coa que casou o seu pai, tamén a trataba mal porque tiña medo de que o pai de Branca de Neve quixera volver a España e mentres estivese aí a pequena el non deixaría de pensar nese país e na muller que deixou alí. Non podía quedar sen marido, porque senón ela sería considerada unha mala esposa e quedaría soa, e dentro de pouco tería que deixar o seu posto na tribo, non podía permitilo, senón quen ía cazar para ela?

Os días pasaron rápido, os brancos decidiron non intervir na política da tribo e se dedicaron a explotar os seus recursos, dándolles a cambio diversos produtos manufacturados. Os homes pasaban todo o día fóra co mercado ou cazando, mentres que as mulleres simplemente arraxaban as chozas, lavaban as teas, falaban entre elas e cociñaban. Non obstante, Branca de Neve non podía falar con ningunha das mulleres, xa que non comprendía a súa lingua, e todas as deixaban de lado porque lles parecía moi fea. Polo tanto tampouco podía pedir-lles axuda, polo que mediante a observación aprendeu pouco a pouco a encargarse das súas tarefas, aínda que cociñar

custáballe moito, e ao non ser capaz de facelo apropiadamente, o seu marido golpeábaa e remataba por ir comer xunto co pai de Branca de Neve, deixándoa a ela sen comida. Por si fora pouco, un día destes o xefe cansou de todo e violou á pequena. Ela gritou, rogou, chamou ao seu pai, á súa nai, mais ninguén lle axudou. Sentíase rota, apenas podía moverse, non quería mostrar a súa cara a ninguén, sentía vergoña, ela soamente quería seguir coa súa vida de antes, que a súa nai a consentise e xogar con outros nenos, mais tan sequera vira nenos alá.

Branca de Neve rebentou, non veu ó seu home esa mañá, fíxose a durmida e cando as mulleres foron a cadansúa casa a cociñar, fuxiu, correu sen mirar atrás, sen rumbo, deixando como única pegada as súas bágoas, mais dos 360º nos que podía fuxir, escolleu a fracción incorrecta e deu xusto cos homes cazando. O xefe ía agarrala para levala á casa e castigala por esa humillación cando apareceu a súa madrastra, quen se enfrontou a todos eles, deixando á pequena fuxir, e gritando sinaloulle cara ao seu leste, dirección na que a rapaza correu sen pensalo dúas veces, escoitando de fondo os gritos da muller que pensaba que a odiaba mais que acabara de dar a súa vida para protexela.

A súa madrastra, tamén chamada Haití, era a filla do anterior chamán da tribo e decidiu legarlle a ela o seu posto, a pesar do seu xénero. A noite do día anterior, o espírito co que se comunicaba no común, o Kalson Woug, tirou un pau que tiña fóra da súa choza, e cando foi colocalo no seu sitio, escoitou con perfecta claridade os gritos da rapaza. Sorprendida, pensando que era o designio do espírito, foi ver que estaba ocorrendo, e atopouse coa brutal violación á pobre rapaza. Nese entón comprendeu que non era tan distinta as mulleres da súa tribo, que sufriron o mesmo con aínda menos idade, e un calafrío percorreu o seu lombo, pois deuse de conta que esa rapariga podería ter sido ela se o seu pai non lle tivese cedido o seu posto, o que lle permitiu non depender de ningún home ata ese entón, aínda que estaba a chegar o momento de deixar o seu posto. Foi por isto que decidiu axudala, regalándolle a súa vida, pois foi xulgada por toda a tribo e decidiron encerrala para sempre nunha chabola sen a compañía de ninguén, tendo que dedicarse soamente aos espíritos e a adestrar a un dos indíxenas máis novos para poder prescindir dela en pouco tempo.

Branca de Neve correu ata esgotarse, momento no que se tirou ao chan. Tras relaxar a súa respiración, parouse a contemplar con atención a paisaxe que a rodeaba, e observou un buraco e decidiu entrar para agocharse. Nun primeiro momento sentiu terror, xa que apenas había luz, só a natural que era capaz de entrar, e todo era rocha e madeira. Era unha mina, feito que non tardou en descubrir con posterioridade cando atopou a uns dez rapaces que debían ter entre seis e dez

anos cubertos de feluxe e carbón que ían con cadanseu pico. Estes a observaron con incredulidade, parecíalles raro ver a unha rapaza tan pálida, e deixaron as súas obrigacións para aproximarse a ela e tocala para comprobar se non era un espírito, mais axiña pararon cando ela comezou a chorar, momento no que se afastaron tres dos rapaces, mentres que os outros 7 permaneceron ao seu lado, en silencio, sen moverse, prestándolle o seu apoio. Eles e Branca de Neve fixéron boas migas enseguida, e pasou con eles todo o día. Cando pasaba algún home para controlar se estaban traballando, ela escondíase en pequenas franxas da parede aproveitando o seu pequeno tamaño. As noites as pasaban tamén na mina, durmindo só 2 horas seguidas, e o resto eran simplemente horas soltas durante as sextas que realizaban cando os homes non estaban.

Os oito nenos sabían que non podían seguir así, os dous días que pasaran xuntos convertéraos en irmáns, os 7 rapaces eran capaces de comprender á nena só a través do mirar e viceversa, e por iso mesmo querían fuxir, vivir sen adultos, os oito en paz, pois Branca de Neve xa abandonara a idea de volver a España e aínda que tivese a oportunidade, non estaba disposta a deixar aos seus amigos, á súa familia elixida. A noite do día seguinte finalmente abandonaron a mina, pero non sen dificultades, xa que os europeos os atoparon e foron tras deles, incluso empregaron as súas armas de fogo, aínda que os rapaces eran tan pequenos debido á desnutrición que non lles deu ningunha bala.

Por casualidades do destino, botaron correr sen querelo cara a tribo da que viñera Branca de Neve, mais unha muller de pel branca como a neve, o cabelo negro como o ébano e os labios vermellos como o sangue os detivo, era Branca de Neve, a nai da pequena.

Branca de Neve quedara embarazada cando era moi nova, pois tivo unha aventura cun cazador, e de aí saíu a pequena Branca de Neve, que recibiu o mesmo nome que a nai coa esperanza de que de maior fose tan bela como ela. Cando estaba embarazada, casou co pai de Branca de neve, aínda que foi un matrimonio de conveniencia xa que as dúas familias eran de boa posición. Cando o seu marido lle dera a nova de que ela non podía embarcar coa súa filla, negouse en rotundo, mais non puido facer nada por impedilo, polo que dende ese momento comezou o seu plan para recuperar a súa filla: conquistar a un capitán de barco, o que lle resultou doado, e convencelo para ir a “Quisqueya” en busca de riquezas. O seu plan funcionou á perfección, e por iso estaba alí, diante da súa filla, quen se botou aos seus brazos, chorando da alegría, mais se negou nun principio, pois non quería deixar aos seus irmáns. Non obstante, a súa nai aceptou adoptalos, e así marcharon os tres no barco de volta a España, xunto coa nova parella da Branca de Neve, e formaron todos eles unha feliz familia.